



centro dramático galego

T E M P O R A D A 2 0 0 7 _ 0 8

A temporada da cidadanía

“Cascuda”, de Diego Anido
en coproducción co CDG

Do 21 ao 24 de maio ás 22.00 horas na Sala Nasa

"Envexa dasme cascuda por poder descubrir e gozar deses lugares subterráneos, segredos, privados da ollada humana e mesmo da luz"

Cascuda

Un proxecto de Diego Anido
en coprodución co Centro Dramático Galego

Sala Nasa. Santiago de Compostela

Mércores 21, xoves 22, venres 23 e sábado 24 de maio ás 22.00 h

Prezo das localidades: 9 €, 7 € (estudantes e parados e a través da web www.salanasa.com) e 5 € (tripulación da Sala Nasa)

Presentación

Cascuda é unha peza de teatro físico que conxuga en equilibrio as linguaxes de teatro de texto, o *clown* e a danza contemporánea, para dar como resultado un espectáculo que explora a difusa fronteira entre a tolemaia e a cordura.

Os insectos foron empregrados ao longo da historia da literatura como referentes á hora de simbolizar todo tipo de condutas humanas. Os insectos preeiros, como por exemplo a mosca, relaciónanse coa putrefacción, o insistente retorno do vicio que o acosa a un, a perversión, a morte...

As cascudas chamaron a atención do creador Diego Anido por seren un dos animais más despreciables de todos os que conviven nunha cidade ou espazo urbá. Pero elas teñen unhas características de tamaño, resistencia e axilidade que lles permiten descubrir lugares, así como instalarse e observar a vida humana desde os lugares más segredos e subterráneos dun mundo ao que os humáns nunca poderemos acceder. Ademais, cómpre anotar o coñecido dato de que serían, xunto coas ratas, as únicas poboadoras do planeta no caso de producirse unha catástrofe nuclear.

A obra tenta aproximarse aos posibles significados da palabra "desprezo" que adoitamos asociar á cascuda: *desprezar* como *detestar*, pero tamén como sinónimo de *infravalorar*. Desta larva conceptual nace unha *Cascuda* coma unha pantasma que se manifesta procedente de lugares subterráneos, segredos e privados; coma bufón que se ri da ollada humana. E é que estes animais non son máis que pensamentos que nos habitan e collen a forma do insecto do desprezo. Elaboracións, creacións, elucubracións que aniñan no noso cerebro e medran alimentadas polo medo.

A través dunha coidada composición escénica de carácter xestual e a partir do uso de obxectos cotiáns, Anido móstranos a historia de Eladio, un ser solitario encerrado nos seus pensamentos.

Configuración e exhibición do proxecto

Cascuda é o resultado dun longo proceso de traballo, investigación e formación de máis dun ano de duración e durante o cal se fixeron varias presentacións-ensaios con público.

Trala fase inicial de creación de imaxes, escenas, textos, accións e coreografías en movemento, o proxecto concretouse en cinco meses de ensaios regulares nas salas da plataforma de creación escénica contemporánea Areatangent de Barcelona e na sala L'Estruch de Sabadell. Asemade, realizáronse doux *stages* en Santiago cunha duración de 15 días cada un. O primeiro deles tivo lugar no Salón Teatro en forma de *work in progress* e o segundo, como residencia técnica na Sala Nasa.

Para o CDG, esta exhibición *work in progress* foi unha experiencia pioneira, xa que por primeira vez a compañía pública apostaba por este tipo de residencia onde ofrecía ao creador a posibilidade de traballar cos medios, recursos, materiais, etc., que lle proporcionaba un espazo escénico como o Salón Teatro.


Dentro da programación destes *stages*, Diego Anido incluíu tamén varias sesións de entrenamentos abertos e ensaios con público, co obxectivo de ofrecer un achegamento á súa metodoloxía de traballo e favorecer que o público poida coñecer as interioridades da súa creación.

Ficha artística

Autoría, dirección e interpretación	Diego Anido
Co-producción	Centro Dramático Galego
Dramaturxia e posta en escena	Alex Serrano
Diseño de iluminación	Isabel Franco
Espazo sonoro	Gonzalo Piña
Escenografía e vestuario	Silvia Delagneau
Producción	Raquel Regueira
Asesoramiento artístico	Víctor Molina, Roberto Fratinni

Diego Anido (A Coruña, 1976)

Diego Anido é un dos creadores galegos más relevantes dos últimos anos; o seu discurso artístico rompe coas fronteiras das disciplinas escénicas convencionais para elaborar propostas nas que a danza, o teatro, a *performance* e a música van da man para consolidar espectáculos totais e de alto nivel.



O seu primeiro contacto coa escena foi no teatro universitario e na compañía Nut Teatro. Formouse na escola Espacio Aberto de Santiago, combinando os seus estudos con cursos de *clown*, *performance*, mimo, bufón e danza contemporánea. Traballou como modelo publicitario e *performer* para outros artistas actuando en diversos espazos e desenvolvendo a súa faceta musical na desaparecida Taxi Driver, ao tempo que mantivo as súas colaboracións coas Ultranóites da Sala Nasa e na Festa do Circo. Reeducouse en anti-ximnasia e entrou en contacto con outras técnicas corporais actuais.

No ano 2004 estrea en Galiza o seu primeiro espectáculo en solitario, *Paperboy*. Ese mesmo ano traslándose a Barcelona, desenvolvendo o seu traballo teatral hacia o movemento, o teatro-danza e o Butoh (unha técnica teatral de danza xaponesa). Entra a formar parte como residente da Plataforma Artísitca Areatangent, onde desenvolve varios proxectos, entre eles, a súa segunda peza en solitario, *O Alemán* (2006) e a trilogía *Autopsia* (Cía. Sr. Serrano). Na actualidade reside e traballa en Barcelona onde forma parte da agrupación Sr.Serrano e da compañía Raravis - Andrés Corchero - Rosa Muñoz.



 centro
dramático
galego



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

 **IGAEM** | instituto galego
das artes escénicas
e musicais

 SALONTEATRO